

Armando Requeixo (ed.). 2016. *Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Cadernos Ramón Piñeiro, XXXII. 180 pp.

No estudo do campo literario galego de posguerra hai anos que os epistolarios se constituíron nunha ferramenta esencial, ao tempo que relativamente incompleta. A súa aparición está acoutada en ocasións por cuestións de política editorial, aínda que se trata dun xénero no que tamén entran en xogo aspectos relacionados coa memoria persoal dos axentes e a súa xestión. O simple feito de tratarse dun diálogo entre dúas partes, conservado xeralmente por entes independentes, supón de por si unha gran dificultade á hora de reconstruílo. Se por unha parte podemos contar con institucións como o arquivo da Fundación Penzol ou o da Real Academia Galega, que custodian unha versión teoricamente completa dalgúns destes legados persoais, certas prácticas editoriais dos últimos anos, con edicións recortadas (podemos mencionar, pola súa relevancia, o caso da edición da correspondencia entre Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro editada por Galaxia, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, 2006, que curiosamente eliminaba pasaxes moi relevantes ao respecto de como se xestionara a proposta editorial de *A esmorga* de Eduardo Blanco-Amor por parte da editora), por non dicir manipuladas ideoloxicamente, prevéñennos tamén da súa validez absoluta ou da súa fiabilidade.

Outra cuestión diferente, aínda que inevitabelmente ligada a esta, é afrontar o papel que os datos e as tomas de posición reveladas nesta correspondencia xogan nunha posíbel reconstrución das dinámicas do campo. É certo que o acceso ao discurso privado dos axentes resulta unha axuda inestimábel á hora de entender o deseño de certas estratexias públicas, pero tamén é

verdade que tomar todas as afirmacións deitadas na correspondencia como certezas inapelábeis supón negar unha parte importante da profundidade táctica na que se desenvolve, con moita frecuencia, o xogo que se dá dentro do campo. Ao mesmo tempo, o feito de que unha boa parte deste diálogo se dea nun contexto político falto de liberdades e asediado pola censura é unha razón de peso para considerar as afirmacións con cautela.

Seguramente, a mellor forma de entender as achegas deste tipo é a de consideralas como pezas dun enorme crebacabezas, que só encaixan en relación con outras. Algunhas delas están inevitabelmente perdidas para sempre, pero a combinación das restantes, mesmo cos seus grandes baleiros, pode axudarnos a entender mellor o desenvolvemento dunha realidade dinámica e viva como a do campo literario.

No caso que se refire á literatura galega de posguerra, e máis concretamente no do editor e ideólogo Ramón Piñeiro, a aparición e edición crítica dos epistolarios é particularmente extensa, e se cadra teña pendentes xa moi poucas figuras. Aqueles volumes dos que non se ocupou a propia editorial Galaxia quedaron en mans do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que nos seus “Cadernos Ramón Piñeiro” foi realizando, aínda que de forma non sistemática, unha demorada publicación das cartas e da correspondencia cruzada do autor. Un feito destacábel neste sentido é que boa parte do contido de *Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas*, concretamente o que se refire a aquelas cartas enviadas por Piñeiro, xa aparecera en *Cartas de vellos amigos. 1959-1998* (2010), de Xosé Neira Vilas, da man da editorial Galaxia. O valor da publicación é, por tanto a de sumar a contraparte, a correspondencia escrita por Neira Vilas. Ao mesmo tempo, o azar fixo que esta edición tivese lugar poucos meses antes do pasamento do autor de *Memorias dun neno labrego*, polo que o epistolario supón a última oportunidade de ter unha versión avaliada por algún dos seus protagonistas.

Neste sentido, a participación directa do autor de Gres, patente na nota introdutoria, funciona como un condicionante que xoga nese duplo fío. Se por unha parte estas interaccións permiten completar unha certa perspectiva sobre o testemuño escrito, tamén abren a posibilidade dunha interferencia do propio autor, mesmo de forma inconsciente, sobre a visión da súa traxectoria, coa posibilidade de que a ilusión da coherencia entre tamén en xogo. Este feito, que parecería improbábel nunha primeira reflexión, non pode ser perdido

de vista nunha sucesión de misivas editada en dous tempos e na que, mesmo nesta versión completa, existen importantes lapsos temporais e é notábel a ausencia dalgunha delas. Sen dúbida o colofón co que Neira Vilas fecha esa nota introdutoria, comparando a figura de Piñeiro cun sol do que, a pesar das manchas, prefire a luz, supón tamén unha interpretación simplificada da forma na que o autor pretende que sexa lembrada para o futuro a súa relación con Ramón Piñeiro. Unha perspectiva que avanza con extrema facilidade cara á lembranza sentimental no relato que o autor dá do seu último e casual encontro co de Láncara nunha rúa de Compostela, poucos meses antes do seu pasamento e no que non ten o valor de pararse para falar con el debido, entre outras cousas, ao seu aspecto desmellorado. Este punto de vista aparece tamén remarcado polo subtítulo escollido para a edición, *Bandeira entrañable de galeguidade*, así como por algúns episodios da relación recollidos na nota introdutoria asinada por Dolores Vilavedra. Estes aspectos, que tratan de remarcar unha profunda ligazón persoal entre ambos axentes inseparábel dun proxecto común galeguista, poden ser máis ou menos agardábeis vindo dunha institución que leva o nome dunha das persoas implicadas na obra e mantén unha tarefa que podemos considerar continuísta do seu proxecto cultural. Mesmo así, e sen refutar o valor que a perspectiva dalgún dos protagonistas pode achegar e tendo en conta a función de sinxela introdución destes textos, agardaríase unha perspectiva máis matizada. Mellor se achega a esta o texto do editor Armando Requeixo que, sen deixar de apuntar brevemente esa visión sentimental, ofrece porén unha eventual clasificación das cartas e aborda algún dos seus temas e problemáticas. Aínda así, algunhas conclusións non deixan de ser matizábeis, unha vez que corroboran determinados puntos de vista que teñen os axentes como única fonte. Pensamos, por exemplo, nas dedicatorias a Arturo Reguera e Xosé Luís Méndez Ferrín que Piñeiro convida a retirar da primeira edición de *A muller de ferro*, supostamente para evitar problemas coa censura. Sen negar a complicada situación do país á altura de 1969, consideramos que cousas máis incriminatorias levaría feito a editora nos anos previos, como a edición dos libros do propio Méndez Ferrín. Sen dúbida, a situación de oposición política que os militantes da Unión do Povo Galego tiñan ante Galaxia, así como a aceptación desta dentro dunha certa normalidade cultural por parte do réxime son factores que convidan a cuestionar esta e algunhas outras cousas que se aseveran na correspondencia.

Certamente, as cartas entre os dous intelectuais destilan unha enorme cortesía por parte de ambos. Unha cortesía que, tal e como se destaca na

introdución do libro, avanza devagar até a afabilidade. Mesmo así, convén analizar o papel de ambos para ir máis alá do que mostra unha correspondencia formal de anos entre dúas persoas que non se coñecen persoalmente e que pouco a pouco van entrando nunha comunicación máis relaxada e nunha relación máis persoal.

O primeiro que podemos destacar son os ritmos que segue esta correspondencia. Mesmo considerando que temos unha mostra incompleta (falta ostensiblemente unha carta previa á primeira recollida), podemos aventurar que a toma de contacto persoal e as cartas entre ambos galeguistas comezaron a finais dos anos cincuenta, posibelmente no Nadal de 1958 ou nos primeiros días de 1959. A situación de ambos nese punto fai que a procura de contacto sexa, até certo punto, lóxica. A ruptura de Piñeiro e o proxecto de Galaxia co galeguismo político acontecida no ano 1958 tras a reunión da Rosaleda produce un afastamento do proxecto culturalista coas comunidades emigrantes. Aínda que nin o de Láncara nin outros intelectuais próximos a Galaxia deixarán de participar na prensa da emigración, non pode negarse que a ruptura do proxecto político galeguista común afecta tamén á relación cos axentes culturais da época e tamén aos apoios económicos que a editora recibía do exterior. En 1957 Luís Seoane, principal referencia da actividade editorial de alén mar, recolle en varios editoriais de *Galicia Emigrante* (sinaladamente en *El exiliado y el perro. Galicia Emigrante* 1957, nº 28. p. 0 e en *Querubines en el bestiario. Galicia Emigrante*, 1957, nº 30. p. 0) acedas críticas contra o camiño marcado pola editora. A polémica terá continuación na correspondencia privada entre Seoane e Piñeiro nos anos seguintes, estendéndose ao respecto das obras do primeiro e das súas tomas de posición político-literarias (caso de Emilia García López, Gustavo Hervella, Berta López Villamel e Carmela Montero, *Luís Seoane. Epistolario*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014, accesíbel dende o enlace <http://consellodacultura.gal/epistolarios/seoane.php>). Por máis que a relación entre ambos non chegue a romperse, é comprensíbel que, nesa situación, tanto Piñeiro como Galaxia procurasen outros representantes da galegitude emigrada ou exiliada. É destacábel, nese sentido, que algunha das misivas sexa levada en man por Otero Pedrayo tras unha viaxe a Arxentina que tiña entre os seus obxectivos afianzar novas relacións e fontes de financiamento coa comunidade exterior.

Neira Vilas forma parte dunha segunda xeración de expulsados da terra, unha especie de exilio voluntario ou exilio disfrazado de emigración. A súa

actividade editorial é relativamente independente dos núcleos históricos do galeguismo republicano, como demostra a autonomía do proxecto editorial Follas Novas, realizado conxuntamente con Anisia Miranda e no que o narrador autoedita o seu primeiro poemario en 1960 e a senlleira obra *Memorias dun neno labrego* en 1961. Para Neira Vilas, un contacto independente co galeguismo do interior era, por tanto, algo desexábel na súa dupla condición de autor e editor.

Xustamente, o primeiro período de cartas céntrase de forma notábel nunha razón de actividades mutua. Piñeiro comenta o que están a facer na Galiza territorial e Neira Vilas ofrece unha demorada análise das actividades das distintas asociacións do exterior. O de Gres envíalle o seu primeiro poemario que recibe un breve comentario por parte do representante de Galaxia no verán de 1960. A comunicación interrómpeuse, polo que deducimos da correspondencia conservada, até o ano 1965 Polo medio, Neira Vilas abandona Buenos Aires en dirección á Cuba de Castro, onde traballará dende 1961 até a súa xubilación. Non dispomos de datos que identifiquen este silencio epistolar cunha interrupción ou precaución na relación persoal, pero un aliñamento tan directo cun réxime comunista, inédito mesmo entre outros axentes do exilio republicano, debeu ser visto cun enorme escepticismo por parte da xente de Galaxia, particularmente enfrontada á ideoloxía marxista.

A seguinte carta que Piñeiro envía a Neira Vilas vén marcada por dúas características: a primeira, que agradece un envío previo dun manual sobre cultura céltica, algo que fai patente que Neira Vilas, mesmo dende a distancia política, pode seguir compartindo algunha das liñas ideolóxicas da editora. En efecto, a pesar da súa militancia marxista, son poucas as reservas que Neira Vilas mantén a respecto das liñas de identidade inmanente que rexen para o galeguismo interior nestes anos. A segunda, a súa data, posterior á disolución de Consello da Mocidade e ao enfrontamento entre os membros marxistas e aqueles que decidiron seguir fielmente o proxecto culturalista do piñeirismo. Un modelo que, por outra parte, comezaba a achegar algunha das súas ramas a unha ideoloxía socialdemócrata que moderaría o proxecto identitario inicial.

Os acontecementos que suceden a este feito político teñen unha particularidade que afecta tamén ao campo literario. A chamada “Nova Narrativa”, tolerada tras o polémico abandono de Gonzalo Rodríguez Mourullo da

carreira literaria no ano 1957, ten un momento de reflexión e redefinición no que aparece a proposta de moderar o experimentalismo inicial para dar cabida a un discurso social (explicitamente en Xosé Luís Méndez Ferrín, *Nueva narrativa y compromiso social. Presencia*, 14 de maio de 1966, p. 6). Pola súa parte, Galaxia parece aceptar finalmente que o seu proxecto dunha literatura completa e puramente galega sen influencias externas “deshumanizadoras” está a piques de esgotarse e comeza a traballar na teoría de que hai un experimentalismo humano e outro deshumanizado. O modelo que representaría esa xestión aceptábel das influencias contemporáneas sería identificado moi axiña co de Carlos Casares, que publica os seus primeiros contos en *Grial* no ano 1965, aínda que tamén o prólogo de Francisco Fernández del Riego (2001: 13) a *Xente no rodicio*, de Neira Vilas, editada nese mesmo ano por Galaxia, apunta as mesmas calidades mixtas que se moven entre a tradición e a innovación, entre as esencias da terra e o ritmo da actualidade. Cabe destacar, porén, que tanto Carlos Casares como Neira Vilas serán reivindicados tamén polos representantes da Nova Narrativa como un modelo mixto capaz de resolver as súas contradicións.

36

O interese en Neira Vilas por parte de Galaxia aumenta, por tanto, neste momento no que comeza a formar parte das coleccións da editora. A pesar disto, é comprensíbel que existan distintas reservas na relación entre ambas partes. Se cadra o uso do “vostede” que ambos fan até o ano 1977 poida ser lido como unha demostración dunha certa tensión entre eles. O período que vai de 1965 a 1975, un dos bloques máis fecundos de información que ofrece este diálogo, está marcado por unha cortesía que bordea temas que poderían ser considerados espiñentos. Entre a común información de actos e acontecementos de interese galeguista, ou o envío e comentario de libros e revistas, Piñeiro relata, por exemplo, as súas colaboracións con universidades norteamericanas. Un periplo viaxeiro que contrasta, polo menos sobre o papel, co traballo de difusión da cultura galega que Neira Vilas está facendo dende o seu cargo na Revolución Cubana. Unha distancia política que ambos eluden constantemente concretar, especialmente no relativo a cuestións persoais ou relacionadas coa cultura galega. Así, os parabéns de Piñeiro pola reedición de *Memorias dun neno labrego* en maio do ano de 1967 podería compararse co comentario despectivo que dedica aos seus editores “os cofrades de Nova Galicia” nunha carta do mesmo ano a Basilio Losada na que non aforra o seu escepticismo ao respecto do que este grupo de esquerdas radicado en París podería facer no contexto editorial. Tamén resulta evidente que, ademais de

con Galaxia, o de Gres está a publicar con Ediciós do Castro, un proxecto que dedica parte dos seus esforzos a valorizar e traer á Galiza territorial o repertorio da emigración galega, tradicionalmente desatendido por Galaxia.

Máis interesantes, e parte do material inédito, resultan as consideracións de Neira Vilas a respecto do discurso de ingreso de Piñeiro na Real Academia ou o comentario sobre a crítica feita por este a *Cartas a Lelo*, que inclúe unha longa digresión sobre os seus obxectivos como narrador e a súa idea da literatura. Un modelo no que coincide cos postulados clásicos de Piñeiro e de Galaxia sobre a necesidade de chegar ao lector común e a conveniencia de aparcar determinados experimentalismos. A presenza de certas publicacións, como *Cien años de soledad*, que o de Gres agasalla ao editor, son tamén elocuentes a respecto que lecturas e referencias podía estar tendo un protagonismo especial para el na época. Non cabe dúbida de que a literatura de Neira Vilas, que mestura elementos do realismo social cun pouso lírico e unha moi moderada influencia de tendencias innovadoras, experimenta un encontro feliz cunha parte do proxecto de Galaxia. Unha sintonía que permite atenuar unha boa parte da distancia ideolóxica co seu protagonista, que ademais suscribe ao seu xeito o esencial do proxecto identitario da editora.

37

O bloque final comeza, tras unha pausa de dous anos, en 1977 e reserva aínda a súa carga de distancia, xa reducida por un trato máis persoal. Sen dúbida a mudanza dos condicionantes políticos produce tamén a súa influencia nesta relación e amplía as posibilidades de participación de Neira Vilas na súa terra. As visitas de Nicolás Guillén e Fidel Castro (concretamente a Lánacara) aparecen ocasionalmente, aínda que pode que o máis relevante sexa o convite a Piñeiro para participar nunha conferencia en Alemaña Oriental, dentro dos estudos de galego que universidades do bloque soviético como Leipzig ou Leningrado estaban desenvolvendo. Un convite ao que o editor responde de forma evasiva, aínda que valorando o papel de Neira Vilas nesa difusión internacional da cultura propia. O curso político galego, as novas e os comentarios sobre literatura tamén seguen aparecendo nunha correspondencia que remata a comezos de 1990, o ano de falecemento de Piñeiro.

A edición destas cartas supón unha peza máis dun crebacabezas que vai pouco e pouco completándose, por máis que nunca vaíamos ver a paisaxe enteira. As tomas de posición de ambos axentes, a distancia ocasional entre distintos discursos privados e mesmo co propio discurso público, permite

entender mellor unha época determinada. O obxectivo do esforzo de ambos era, como Neira Vilas repite varias veces, Galiza. Nunca a mesma Galiza para cada un deles, aínda que a realidade lles ofertase un punto de intersección no que colaborar, sen dúbida, con máis razóns que ese sentimento entrañábel no que tan a miúdo pretende resumirse o transcurso da cultura galega destes anos.

*Mario Regueira*